

FESTIVAL DE NADAL

O venres 21 de Decembro celebramos o Festival de Nadal no colexio para despedir o primeiro trimestre e comezar dunha forma divertida as vacacións. Os días anteriores ao festival os rapaces e rapazas do cole participaron na decoración do colexio coa axuda das coidadoras do comedor e dos profes.



O Festival comezou cunha panxoliña cantada polos nenos e nenas de Infantil e 1º ciclo de Primaria, continuou co "We wish you a Merry Christmas" interpretada polo 2º e 3º ciclo de Educación Primaria e o broche final puxémolo cun karaoke no que participou todo o colexio.





Ao principio ninguén se atrevía a cantar, pero foi empezar a coller o micrófono e non soltalo, o "medo escénico" desapareceu nun momento e a idea foi todo un éxito!



